

Acta da Comisión Permanente do día 5 de febreiro de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 05/01/2010.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 05/02/2010.
- III. Tribunal de TFG que xulgará os traballos presentados nesta convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas situada no módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

- 1 Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 16 de outubro de 2019 e extraordinaria celebrada o 20 de novembro de 2019.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 16 de outubro de 2019 e extraordinaria celebrada o 20 de novembro de 2019.

- 2 Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias.**

Non se recibiu ningunha solicitude.

- 3 Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non se recibiu ningunha solicitude.

- 4 Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2019/2020.**

A Directora propón a aprobación do seguinte calendario que incorpora un pequeno cambio respecto ao que se enviou previamente aos membros da comisión:

N.	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto de alumnos	Data prevista da viaxe
1	Enxeñaría de explosivos	Máster en Enxeñaría de Minas	Vedra (A Coruña)	19	18/02/2020
2	Rochas industriais e ornamentais	Grao en ERME	Vedra (A Coruña)	5	18/02/2020
3	Enxeñaría de explosivos	Máster en Enxeñaría de Minas	A Estrada (Pontevedra)	19	03/03/2020
4	Rochas industriais e ornamentais	Grao en ERME	A Estrada (Pontevedra)	5	03/03/2020
5	Enxeñaría de explosivos	Máster en Enxeñaría de Minas	O Porriño (Pontevedra)	19	10/03/2020
6	Rochas industriais e ornamentais + Enxeñaría de minerais e materiais	Grao en ERME / Máster en Enxeñaría de Minas	O Porriño (Pontevedra)	20	10/03/2020
7	Enxeñaría de minerais e materiais	Máster en Enxeñaría de Minas	Padrón (A Coruña)	16	24/03/2020
8	Rochas industriais e ornamentais + Loxística e servizos mineiros	Grao en ERME	O Porriño (Pontevedra)	11	24/03/2020
9	Enxeñaría mineira	Máster en Enxeñaría de Minas	Ponferrada (León)	18	26-27/03/2020
10	Enxeñaría de minerais e materiais	Máster en Enxeñaría de Minas	Sarria - Oural (Lugo)	16	31/03/2020
11	Xestión de obras e replanteos	Grao en ERME	A Hermida (Pontevedra)	20	14/04/2020
12	Enxeñaría de explosivos	Máster en Enxeñaría de Minas	Ferrol (A Coruña)	19	17/04/2020
13	Enxeñaría de explosivos	Máster en Enxeñaría de Minas	Lantañón - Meis (Pontevedra)	19	21/04/2020
14	Rochas industriais e ornamentais	Grao en ERME	Lantañón - Meis (Pontevedra)	5	21/04/2020
15	Todas as do Grao	Graos da Escola	Oviedo (Asturias)	20	27-30/04/2020
16	Todas as do Máster	Máster en Enxeñaría de Minas	Vigo-Ponferrada-Salamanca-Sevilla-Huelva-Cádiz-Cáceres-Vigo	20	07-12/06/2020

A Comisión aproba por asentimento o calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2019/2020.

5 Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG, que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.

A Directora sinala a composición do tribunal proposto, indicando que todos os membros xa confirmaron a súa dispoñibilidade.

A Comisión acorda, por asentimento, aprobar o tribunal de TFG que xulgará o traballo presentado para a súa defensa nesta vindeira convocatoria de febreiro de 2020, así como a data, hora e lugar de presentación (Anexo III).

6 Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a cinco de febreiro de dous mil vinte.

Vº e Prace
A Directora

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 05/02/2020



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 05/02/2020

Asistentes á Comisión Permanente do 5 de febreiro de 2020
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
David Patiño Vilas
PROFESORADO
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Elena González Rodríguez
Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
ESTUDANTES
Alejandro Casal Barreiro
Santiago Domínguez Blanco
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Desculpan a súa ausencia Alfonso Mandado Vázquez, Marta Caride Pérez y Belén Parente Artime.



ANEXO III

Tribunal de TFG que xulgará os traballos presentados nesta convocatoria.